# Adxectivos determinativos

## Demostrativos

| | Cerca do falante | | Nin cerca nin lonxe | | Lonxe do falante | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Singular | Plural | Singular | Plural | Singular | Plural |
| Masculino | este | estes | ese | eses | aquel | aqueles |
| Feminino | esta | estas | esa | esas | aquela | aquelas |
| Neutro | isto (pronome) | | iso (pronome) | | aquilo (pronome) | |

| | Contraccións de preposición + demostrativo | | |
|---|---|---|---|
| | **este(s)** | **esta(s)** | **isto** |
| de | deste(s) | desta(s) | disto |
| en | neste(s) | nesta(s) | nisto |
| | **ese(s)** | **esa(s)** | **iso** |
| de | dese(s) | desa(s) | diso |
| en | nese(s) | nesa(s) | niso |
| | **aquel(es)** | **aquela(s)** | **aquilo** |
| de | daquel(es) | daquela(s) | daquilo |
| en | naquel(es) | naquela(s) | naquilo |

| Contraccións de preposición + demostrativo | | | |
|---|---|---|---|
| | | | Non contraen |
| este + outro = **estoutro**<br>esta + outra = **estoutra**<br>estes + outros = **estoutros**<br>estas + outras = **estoutras** | ese + outro = **esoutro**<br>esa + outra = **esoutra**<br>eses + outros = **esoutros**<br>esas + outras = **esoutras** | aquel + outro = **aqueloutro**<br>aquel + outra = **aqueloutra**<br>aqueles + outros = **aqueloutros**<br>aquelas + outras = **aqueloutras** | **isto outro**<br>**iso outro**<br>**aquilo outro** |

Estas formas tamén contraen coas preposicións ***de*** e ***en***: *destoutro, nesoutras, daqueloutros...*

## Posesivos

| | Un só posuidor | | | | Varios posuidores | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Singular | | Plural | | Singular | | Plural | |
| | Masc. | Fem. | Masc. | Fem. | Masc. | Fem. | Masc. | Fem. |
| 1ª persoa | meu | miña | meus | miñas | noso | nosa | nosos | nosas |
| 2ª persoa | teu | túa | teus | túas | voso | vosa | vosos | vosas |
| 3ª persoa | seu | súa | seus | súas | seu | súa | seus | súas |

# Numerais

## Cardinais

| | | | |
|---|---|---|---|
| cero<br>un/unha<br>dous/dúas<br>tres<br>catro<br>cinco<br>seis<br>sete<br>oito<br>nove<br>dez | once<br>doce<br>trece<br>catorce<br>quince<br>dezaseis<br>dezasete<br>dezaoito<br>dezanove<br>vinte<br>vinte e un/unha | vinte e dous/dúas<br>trinta<br>corenta<br>cincuenta<br>sesenta<br>setenta<br>oitenta<br>noventa<br>cen<br>cento un/unha<br>cento dous/dúas | douscentos/duascentas<br>trescentos/trescentas<br>catrocentos/catrocentas<br>cincocentos/cincocentas,<br>quiñentos/quiñentas<br>seiscentos/seiscentas<br>setecentos/setecentas<br>oitocentos/oitocentas<br>novecentos/novecentas<br>mil<br>dous/dúas mil |

## Ordinais

| | | | |
|---|---|---|---|
| primeiro/-a<br>segundo/-a<br>terceiro/-a<br>cuarto/-a<br>quinto/-a<br>sexto/-a<br>sétimo/-a<br>oitavo/-a<br>noveno/-a | décimo/-a<br>undécimo/-a<br>décimo primeiro/-a<br>duodécimo/-a<br>décimo segundo/-a<br>décimo terceiro/-a<br>décimo cuarto/-a<br>décimo quinto/-a<br>décimo sexto/-a | décimo sétimo/-a<br>décimo oitavo/-a<br>décimo noveno/-a<br>vixésimo/-a<br>vixésimo primeiro/-a<br>vixésimo segundo/-a<br>trixésimo/-a<br>cuadraxésimo/-a<br>quincuaxésimo/-a | sesaxésimo/-a<br>septuaxésimo/-a<br>octoxésimo/-a<br>nonaxésimo/-a<br>centésimo/-a<br>ducentésimo/-a<br>tricentésimo/-a<br>milésimo/-a<br>millonésimo/-a |

## Partitivos

| | | | |
|---|---|---|---|
| medio/-a<br>terzo/-a<br>cuarto/-a<br>quinto/-a | sexto/-a<br>sétimo/-a<br>oitavo/-a<br>noveno/-a | décimo/-a<br>onceavo/-a<br>doceavo/-a<br>treceavo/-a | noventa e noveavo<br>centésimo/-a<br>milésimo/-a<br>millonésimo/-a |

## Multiplicativos

| | | | |
|---|---|---|---|
| dobre, duplo/-a<br>triplo/-a<br>cuádruplo/-a | quíntuplo/-a<br>séxtuplo/-a<br>séptuplo/-a | óctuplo/-a<br>nónuplo/-a<br>décuplo/-a | céntuplo/-a<br>[Os restantes:<br>cardinal + *veces*] |

## Indefinidos

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Invariables** | máis, menos, cada, calquera | | | |
| **Variables** | En xénero e número | un(s) – unha(s)<br>todo(s) – toda (s)<br>tanto(s) – tanta(s)<br>mesmo(s) – mesma(s)<br>demasiado(s) – demasiada(s) | algún(s) – algunha(s)<br>moito(s) – moita(s)<br>outro(s) – outra(s)<br>propio(s) – propia(s) | ningún(s) – ningunha(s)<br>pouco(s) – pouca(s)<br>certo(s) – certa(s)<br>abondo(s) – abonda(s) |
| | En xénero | varios – varias | ambos – ambas | entrambos – entrambas |
| | En número | tal – tales | bastante – bastantes | |

| | Contraccións de preposición + indefinido | | |
|---|---|---|---|
| | de | en | con |
| un(s) | dun(s) | nun(s) | cun(s) |
| unha(s) | dunha(s) | nunha(s) | cunha(s) |
| algún(s) | dalgún(s) | nalgún(s) | |
| algunha(s) | dalgunha(s) | nalgunha(s) | |
| outro(s) | doutro(s) | noutro(s) | |
| outra(s) | doutra(s) | noutra(s) | |

## Interrogativos e exclamativos

| | | |
|---|---|---|
| **Funcionan como interrogativos e como exclamativos** | canto (cantos), como, que, quen | *Canto che custou? / Cantos afeccionados había no estadio!*<br>*Como estás? / Como medraches!*<br>*Que lle pasa a Paulo? / Que frío!*<br>*Quen o dixo? / Quen o diría!* |
| **Funcionan só como interrogativos** | cal (cales), cando, onde, u (*) | *Cal che gusta máis?*<br>*Cando vén teu curmán?*<br>*Onde vive Antía?*<br>*U-los cartos?* |

(*) ***U*** é unha forma especial de interrogativo de lugar, moi estendida na fala, que aparece sempre unida ao artigo ou ao pronome. Significa «onde está?»: *U-las chaves? / Ulas?*